



CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA XERAL DE PREZOS PUBLICOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 46/2024

Sendo aprobado inicialmente a "Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Guitiriz" por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 25/01/2024, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

<< ORDENANZA XERAL PREZOS PUBLICOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E CONTIDO.

De conformidade coas facultades conferidas no artigo 140 da Constitución e no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dítase a presente Ordenanza xeral de prezos públicos, que ten por obxecto establecer os principios xerais e normas comúns aplicables a tales ingresos.

ARTIGO 2. RÉXIME DOS PREZOS PÚBLICOS.

Os prezos públicos rexeranse polas seguintes normas: 1º. Polas contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, do que será supletorio o título III da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, conforme ao establecido na disposición adicional sétima desta. 2º. Polas ordenanzas reguladoras de cada un dos prezos públicos que o Concello acorde establecer, pola presente Ordenanza xeral e pola Ordenanza xeral de xestión, en canto as súas normas sexan aplicables a esta modalidade de ingresos.

ARTIGO 3. CONCEPTO.

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia do Concello, cando conorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Que os servizos públicos ou as actividades administrativas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

1. Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
2. Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

Se poderán esixir prezos públicos por as seguintes prestacións, sempre que concorran as circunstancias anteriores:

- a) Entrada de teatros, espectáculos, eventos, exposicións.
- b) Inscripción e/ou participación en cursos, talleres, xornadas, seminarios e actividades organizadas polo concello.

- c) Actividades socioculturales e de esparcemento.
- d) En xeral, calquera servizo, actividade ou prestación de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados que se realice en concorrencia co sector privado.

ARTIGO 4. SERVIZOS E ACTIVIDADES EXCLUÍDAS.

Non poderán esixirse prezos públicos polos servizos e actividades seguintes:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.
- b) Iluminación de vías públicas.
- c) Vixilancia pública en xeral.
- d) Protección civil.
- e) Limpeza da vía pública
- f) Ensino nos niveis de educación obrigatoria.

ARTIGO 5. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

1. Estará obrigado ao pagamento dos prezos públicos quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigadas ao pagamento polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

3. A Compañía Telefónica Nacional de España non aboará ningunha cantidade en concepto de prezos públicos, e entenderanse substituídas as cantidades que puidesen corresponderlle pola compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o artigo 4.1 da Lei 15/1987, do 30 de xullo, de Tributación da Compañía Telefónica Nacional de España.

4. Quen pretenda non estar suxeito á obriga de pago ou ter dereito a algunha redución nas tarifas deberá solicitalo por escrito, alegando e acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión.

ARTIGO 6. CONTÍA.

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Entenderase, salvo mención en contrario na ordenanza reguladora do prezo e nos documentos acreditativos do pago, que a tarifa sinalada nas normas específicas non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, se é o caso, deba repercutirse sobre a devandita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable e a cota resultante deberá consignarse expresa e separadamente.

ARTIGO 7. XESTIÓN

O Concello poderá esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.

ARTIGO 8. COBRO.

1. A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2. Non obstante o establecido no apartado anterior, poderá establecerse a esixencia de depósito previo do importe total ou parcial, que deberá realizarse no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade. Nestes casos, a realización do depósito constituirase en requisito inescusable para que se inicie a actividade administrativa dirixida a prestar o servizo ou realizar a actividade. Soamente estarán excusadas da realización do depósito previo as entidades públicas territoriais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo. O ingreso do depósito previo non autoriza por si mesmo para a realización de actividades suxeitas a licenza, permiso ou autorización, cuxa execución deberá postergarse ata a obtención efectiva deste.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente. Para estes efectos seguirase o procedemento previsto para a devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 9.

As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema cando transcorresen seis meses dende o seu vencemento sen que se puidese conseguir o seu cobro a pesar de térense realizado as xestións oportunas, que consistirán, como mínimo, na notificación individual ou colectiva da débeda e o anuncio de posta ao cobro neste último caso. Este último, que procederá nos supostos de notificación colectiva, publicarase mediante edictos que serán inseridos no Taboleiro da Corporación e no Boletín Oficial correspondente.

ARTIGO 10. XESTION DE COBRO

As modalidades recoñecidas para o cobro serán as seguintes:

1. Por ingreso directo:

a) Mediante a obtención de boletos, entradas, tickets e formas análogas. Procederá naqueles supostos contemplados nos que, previamente á prestación de servizo ou realización da actividade, o obrigado ao pagamento deba proveerse dun documento acreditativo do ingreso que o faculte para aquilo que pretenda conseguir.

b) Mediante carta de pago acreditativa de ter ingresado o depósito previo a que se refire o artigo 8 ou a liquidación do importe do prezo que lle fose notificada conforme á petición formulada polo interesado ou por terse detectado a utilización dun servizo sen solicitude ou autorización previa.

2. Por recibo: Cando se trate de servizos ou actividades continuados no tempo, unha vez iniciada a prestación e ingresado o importe que corresponda ao primeiro período aboaranse os sucesivos de acordo co seguinte procedemento:

a) Producida a alta a través da solicitude ou declaración formulada polo interesado e ingresada a cota correspondente ao primeiro período, se é o caso, incluírase o suxeito pasivo nun Padrón de elaboración periódica no que figurarán os datos esenciais necesarios para a configuración da débeda, conforme á natureza do prezo público e o importe deste no período a que se refira. Aprobado o Padrón, anunciarase mediante edictos a súa exposición ao público, para que poidan formularse as reclamacións que se estimen procedentes e procederase ao cobro mediante a remisión, ao domicilio do debedor que figure no Padrón e a través de correo ordinario, dun documento cobratorio que servirá como xustificante do pago unha vez que dilixenciase o ingreso en forma mecánica a Tesourería Municipal ou as entidades colaboradoras na recadación de ingresos deste Concello. Admitirase a domiciliación bancaria das débedas que teñan carácter periódico e a Xunta de Goberno Local poderá acordar este procedemento de cobro con carácter obrigatorio. Os prezos públicos de xeración periódica e cobro anual esixiranse nos prazos do artigo 87 do Regulamento xeral de recadación. Os de cobro trimestral terán un prazo de ingreso non inferior aos trinta días contados dende o primeiro día do segundo mes de cada trimestre natural, e entenderanse requiridos para o pago os obrigados dende o devandito día.

b) A baixa no Padrón producirase por petición do interesado e a súa falta provocará a continuidade na cobranza, aínda que se cesase no uso ou actividade. Poderá producirse a baixa de oficio cando conste de xeito fidedigno á Administración municipal a cesación do motivo que orixinou a esixencia do prezo.

ARTIGO 11. ACTUACIONES DE INSPECCIÓN.

1. A falta de solicitude ou da obtención de licenza non impedirá, en ningún caso, proceder á esixencia do prezo público naqueles casos en que se está utilizando un servizo ou realizando unha actividade. Corresponde á oficina xestora do prezo ou á Inspección de Ingresos Municipais a iniciación do expediente dirixido á esixencia das cantidades non ingresadas e, se é o caso, á inclusión do debedor no Padrón dos exercicios sucesivos. As actuacións da Inspección rexeranse polas normas contidas no Regulamento do servizo.

2. En caso de falta de pago das débedas xiradas por parte do obrigado ao pagamento, procederase a poñelo en coñecemento da oficina xestora do prezo para que adopte as medidas oportunas co fin de proceder á inmediata retirada do servizo que se presta ou da actividade que se vén realizando ata que se poña ao corrente das súas obrigas. Os restantes servizos municipais prestarán a asistencia que proceda para a execución dos acordos que se diten neste sentido. No expediente que se tramite para poñer fin ao uso do servizo ou á realización da actividade por falta de pago, poderán propoñerse as sancións que procedan pola infracción da normativa de calquera orde.

ARTIGO 12. FIXACIÓN.

1. O establecemento ou a modificación dos prezos públicos corresponderalle ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local.

O establecemento realizarase a proposta da alcaldía ou da concellería delegada que procedese, debendo constar, como mínimo:

a. O concreto servizo ou actividade que orixina, como contraprestación, o prezo público.

- b. Unha memoria económico-financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou actividade ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais, con indicación da existencia de crédito a nivel de partida orzamentaria.
- c. O importe da tarifa a que ascende o prezo público que se estableza.
- d. A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.
- e. As normas específicas de xestión.
- f. A data a partir de cal se comece a esixir.

3. O acordo de establecemento e fixación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Guitiriz.

ARTIGO 13. RECADACIÓN E XESTIÓN.

1. A recadación axustarase ao disposto na normativa xeral do Estado sobre cobro dos dereitos da Facenda Pública e na Ordenanza xeral de xestión.

2. A Xunta de Goberno Local poderá encomendar a organismos autónomos dependentes do Concello a xestión e recadación de determinados prezos públicos correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, agás cando os prezos non cubran o seu custo. Tal atribución poderá facerse, así mesmo e en iguais termos, respecto dos consorcios.

ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Sen prexuízo das infraccións doutra orde e das sancións que por elas se impoñan, o incumprimento das normas e a defraudación dos dereitos que lle correspondan ao Concello en materia de prezos públicos será cualificado e sancionado aplicando as normas contidas nos artigos 45 e seguintes da Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

Primeira. Para o non previsto na presente ordenanza estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e demais normativa que a complementa ou substitúa.

Segunda. A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno municipal consonte ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrará en vigor logo de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.>>

Guitiriz, 27 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0865

LOURENZÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA.

O Pleno do concello de Lourenzán na sesión ordinaria celebrada o día 21/03/2024 adoptou, entre outros, o acordo de corrección de erros no acordo de asignación de dedicacións á membros da corporación, seguinte:

“**Primeiro.** Aprobar a seguinte corrección de erros:

Onde di:

“**Primeiro.-** Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

“**Segundo.-** Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. Javier Huertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascenderá a Mil seiscentos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.”

Debe dicir:

Primeiro.- Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) euros mes, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro que serán de igual importe que as ordinarias, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Segundo.- Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. Javier Huertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascenderá a Mil seiscientos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) euros mes, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro que serán de igual importe que as ordinarias, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.”

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lourenzá, 1 de abril de 2024.- Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0866

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA.

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día 21/03/2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo de corrección erros:

Primeiro. Aprobar a corrección de erros no acordo de, Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) MENIÑOS, dos artigos nº 1 ao 8 e Disposición final, adoptado polo Pleno deste Concello con data 15 de setembro de 2022 e publicada a aprobación definitiva da mesma no BOP de Lugo con data de 15 de novembro 2022, nos seguintes termos:

Onde di:

ARTIGO 6.- PREZOS.

1. -Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI “Meniños” do Concello de Lourenzá fixase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda percápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda percápita da unidade familiar.

2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda percápita da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores a oitenta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.
- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. pREZO DA PRAZA: 169,26 €

O presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto na presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

Debe dicir:

ARTIGO 6.- PREZOS.

1. -Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI “Meniños” do Concello de Lourenzá fixase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda percápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7. Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda percápita da unidade familiar.

2.- Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda percápita da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.
- f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

O presentes prezos se rexerán, en todo o non previsto na presente texto regulador, e supletoriamente a efectos interpretativos pola regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo a responsable do P.A.I de Lourenzá e a Intervención.

Lourenzá, 1 de abril de 2024.- Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0867

PATÓN

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, Acordo sobre asunto “**EXPEDIENTE 779/2023. DELEGACIÓNS E AVOCACIONES DE COMPETENCIAS. DELEGACIÓN DO EXERCICIO DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NO ALCALDE E NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**”, cuxa parte dispositiva presenta o seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Delegar no Alcalde o exercicio das seguintes atribucións do Pleno:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
2. A aceptación da cesión gratuíta de terreos ou de dereitos de aproveitamento urbanístico, doazóns, herdanzas, legados e todo tipo de bens e dereitos transmisibles, mesmo as cesións gratuítas que leven anexas condicións ou modalidades onerosas.
3. A aceptación de bens adjudicados ao Concello en procedementos xudiciais ou administrativos.
4. A solicitude de subvencións a outras administracións públicas e aceptación das concedidas cando a normativa xeral ou a específica aplicable ao caso requira o acordo plenario para iso.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións do Pleno:

1. A declaración de lesividade dos actos do Concello.

2. A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu valor estimado supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, en calquera caso, a cuantía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere tanto a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, como a contía sinalada.

A delegación inclúe os contratos de obras, servizos, subministracións e os de calquera outra natureza relativos a obras ou servizos incluídos en Plans provinciais de obras, servizos, equipamentos ou instalacións e en plans ou actuacións conxuntas de carácter supramunicipal, xa sexan de Comarcas, Mancomunidades, Consorcios, Entes Metropolitanos, Comunidade Autónoma, Administración Estatal ou da Comunidade Europea, cando a normativa específica dos mesmos atribúa estes contratos ao Pleno, e aínda nos casos en que se requira a aceptación expresa polo pleno da delegación de competencias de contratación, que se entenderán realizadas, unha vez aceptadas polo Pleno, a favor do órgano en quen se delega o exercicio destas atribucións.

Exceptúanse, por non seren delegables, as concesións de servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do orzamento, así como a municipalización ou provincialización de actividades en réxime de monopolio e a aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente.

4. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais.
5. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e aínda cando non estean previstos nos Orzamentos.
6. A adjudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu orzamento base de licitación supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros, así como a alienación do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe ou a contía indicados, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Exceptúanse, por non seren delegables, as concesións de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do orzamento, así como a alienación de bens cando a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do orzamento, e a cesión de balde de bens a outras administracións ou institucións públicas.

En calquera momento o Pleno poderá abocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das competencias delegadas e resolver sobre o mesmo.

TERCEIRO.- As atribucións delegadas inclúen de xeito especial a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a facultade de resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os correspondentes acordos.

CUARTO. *Este acordo producirá efectos dende o día seguinte á súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."*

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 51.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A Alcaldesa accidental, Tamara López Rodríguez.

R. 0870

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a favor, con cinco abstencións, dos once membros presentes nesta sesión, sendo once o número legal de membros que o compoñen, adoptou acordo sobre asunto "EXPEDIENTE 767/2023. ÓRGANOS COLEXIADOS (CONSTITUCIÓN, MODIFICACIÓN OU SUPRESIÓN). CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.", cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Crear a Comisión Especial de Contas e dúas (2) Comisións Informativas permanentes, coa denominación, número de membros que as integran e materias sobre as que exercerán as súas atribucións, na forma que a continuación se sinala:

- Denominación. As Comisións denomínanse da seguinte forma:
 - Comisión Especial de Contas.
 - Comisión Informativa de Economía e Facenda.
 - Comisión Informativa de Asuntos de Pleno.
- Composición. Cada unha das Comisións intégrase por un número de 8 concelleiros/as segundo a seguinte distribución de membros entre Grupos Políticos Municipais:
 - Grupo político Partido Popular: 4 concelleiros/as.
 - Grupo político Bloque Nacionalista Galego: 2 concelleiros/as.
 - Grupo mixto: 2 concelleiros/as

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte desta en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento. Poderá designarse un suplente por cada titular. O suplente substituirá ao titular cando este non poida comparecer ás sesións.

O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións, nembargante, a presidencia efectiva de cada Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, por proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo. A Comisión propoñerá igualmente o nomeamento dun Vicepresidente. O vicepresidente terá como función a de substituír nas súas funcións o presidente en casos de ausencia, abstención legal ou imposibilidade de acudir ás sesións.

- Ámbito de materias de cada Comisión. O que se especifica ao final deste acordo.

SEGUNDO.- O réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes do concello será o seguinte: As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria unha vez cada dous meses, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, os que poderán, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes destas. O Presidente estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o soliciten, polo menos, tres membros da Comisión. As convocatorias de sesión deberán ser notificadas aos membros da Comisión, ou ao voceiro dos grupos municipais, cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día da sesión.

A Secretaría de cada Comisión será desempeñada polo/a funcionario/a con habilitación de carácter nacional que ocupe o posto de Secretaría do concello ou polo/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O funcionamento das Comisións axustarase ao previsto para elas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no non previsto neles, nas disposicións que regulan o funcionamento do Pleno.

TERCEIRO.- Este acordo terá efectos inmediatos dende a súa adopción polo Pleno, sen prexuízo da súa publicación regulamentaria.

A Alcaldía convocará as correspondentes sesións de constitución das Comisións creadas dentro do prazo de dous meses a contar dende a mesma data antes sinalada.

ÁMBITO DE MATERIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

1.- Comisión Especial de Contas:

Esta Comisión exercerá as atribucións que a lexislación atribúe á Comisión Especial de Contas, e, en concreto, o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

2. Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Esta comisión entenderá dos asuntos relativos á Área de Economía e Facenda, e en especial os que se encadren nas seguintes materias:

- ECONOMÍA E FACENDA:
 - Xestión Orzamentaria.
 - Xestión Tributaria e de prezos públicos.
 - Procesos de ordenación dos ingresos e gastos.
 - Análise e control económico-financeiro e orzamentario.

- Inspección fiscal.
- Información e estatística económico-financeira.
- Contabilidade orzamentaria e económico-financeira.
- Tesouraría e recadación.
- Contabilidade de Tesouraría.
- Xestión de créditos e relacións con institucións financeiras.

3.- Comisión Informativa de Asuntos de Pleno.

Esta comisión entenderá dos asuntos non encadrados nas Áreas de coñecemento da Comisión Especial de Contas ou da Comisión Informativa de Economía e Facenda.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A Alcaldesa Accidental, Tamara López Rodríguez.

R. 0871

Anuncio

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

En cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público o contido da Resolución de Alcaldía número 2023-0180, do 29.06.2023, pola que se resolve delegar competencias na Xunta de Goberno Local, a parte resolutiva da cal dispón literalmente o seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes concelleiros/as:

D^a. Tamara López Rodríguez

D. Manuel López Rodríguez

D^a. María Cristina Domínguez Vázquez

SEGUNDO.- Delegar en favor da Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o exercicio das seguintes atribucións correspondentes á Alcaldía:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENZAS:

1.- A resolución sobre a aprobación ou non, dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización

2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias parcelación, edificación, demolición e demais actos de uso de solo e subsolo, incluídas as licencias de primeira ocupación das edificacións, agás os expedientes de reposición da legalidade e os sancionadores nesta materia.

3.- A emisión de informe nos procedementos para a tramitación da autorización no solo rústico e outros informes que determine a normativa sectorial a expedir pola corporación e que non estean atribuídos expresamente a outro órgano, relativos a temas urbanísticos ou medioambientais.

4.- A resolución dos expedientes suxeitos á licenza municipal de acordo co previsto na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, agás no referente a bailes e verbenas populares.

5.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións: vados, entrada en beirarrúas, reserva de vía pública, terrazas, colocación de vallas, e ocupación de vía pública en xeral e incluso de voo público (grúas). 6.- Autorización de instalacións varias en vía ou terreos públicos municipais (como por exemplo: quioscos, circos, ...)

7.- A aprobación urbanística de memorias, dos proxectos de obras e de servizos, e demais necesarios para a execución das obras ou servizos municipais, así como plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL:

1.- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos, los contratos

administrativos especiais e os contratos privados, cuxo valor estimado non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000,00 €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2.- Aprobar os proxectos de obra e servizos, así como as memorias valoradas, cando corresponda a competencia da súa aprobación ao alcalde.

C) EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCIERA:

1.- Autorizar e dispoñer os gastos e recoñecer e liquidar as obrigas, dentro dos límites que competan ao alcalde e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento municipal, así como aprobar as facturas que correspondan ó desenvolvemento normal do orzamento municipal e que fosen recibidas polo Servicio de Intervención Tesorería, salvo os gastos referidos á nóminas e seguridade social do persoal do Concello que manteranse como de competencia da Alcaldía.

2.- A aprobación das certificacións de obras, dos que sexa competencia súa a contratación.

3.- Organizar os servizos de recadación e tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión deses servizos

4.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas.

5.- Autorización de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable. Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

6.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

7.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

8.- Aprobación de liquidacións definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan o seu orixe en expedientes dos que a competencia corresponda a Xunta de Goberno Local.

9.- Concesión de beneficios fiscais (exencións, bonificacións,...).

10.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

11.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos.

D) EN MATERIA DE PATRIMONIO:

A adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación non supere o 10 % de los recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3.000.000,00 €, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

F) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Autorización/aprobación de convenios cando se instrumenten a través subvencións de calquera entidade pública ou privada, e, na que a competencia non estea atribuída por Lei a outro órgano.

2.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

G) DACIÓN DE CONTA:

Estas delegacións son sen prexuízo das dacións de conta que procedan ante a Xunta de Goberno Local, especialmente a recepción das comunicacións de demandas en vía xudicial interpostas contra o Concello, e sentenzas ditadas. Así mesmo, relación de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de apertura de establecementos e exercicio de actividades recibidas, ou denuncias ou informes de inspección respecto daquelas non comunicadas, declaradas ou autorizadas, de ser o caso.

TERCEIRO.- Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en relación coas materias delegadas, terán o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Xunta. As atribucións delegadas inclúen de xeito especial a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra acordos adoptados por la Xunta de Goberno Local por delegación do alcalde. En calquera momento esta Alcaldía poderá abocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das competencias delegadas e resolver sobre o mesmo.

CUARTO.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 e 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro. As delegacións efectuadas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao Alcalde como competencias indelegables.

QUINTO.- Notificarlles persoalmente esta resolución aos/ás designados/as, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación neste, así como publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura desta.

SEXTO.- Darlle conta ao Pleno do concello desta resolución na primeira sesión que se realice.”

O que se pública para xeral coñecemento.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A Alcaldesa accidental, Tamara López Rodríguez.

R. 0872

Anuncio

CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO CONCELLO DE PANTÓN

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 26.06.2023 acordou a constitución da Xunta de Goberno Local, a parte dispositiva do cal dispón literalmente o seguinte:

“PRIMEIRO.- Constituír a Xunta de Goberno Local para a asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións e, no seu caso, para exercer as atribucións que o alcalde/sa ou outro órgano municipal lle delegue ou as que lle atribúan as leis.

SEGUNDO.- Determinar a seguinte composición da Xunta de Goberno Local : A Presidencia corresponde ao Alcalde/sa e integraranse como membros un número de tres (3) Concelleiros/as que serán nomeados libremente polo/a Alcalde/sa.

TERCEIRO.- Fixar a periodicidade do réxime de sesións da Xunta de Goberno Local cada quince días, conforme dispoñer nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO.- Establecer a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, preferentemente os días segundo e último xoves de cada mes, ás 13:00 horas, no Despacho da Secretaría deste Concello. No caso de coincidir en xoves festivo, trasladarase ao seguinte día hábil. Se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do/a Alcalde/sa, poderá este convocar a sesión co carácter de ordinaria un día distinto nun intervalo de 7 días naturais antes ou despois do sinalado e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos da convocatoria. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria de sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. A hora de celebración poderá ser igualmente modificada a criterio da Alcaldía cando medie causa xustificada.”

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, perante o Pleno deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente, ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A Alcaldesa Accidental, Tamara López Rodríguez.

R. 0873

Anuncio

De conformidade co establecido no artigo 75 e 75bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e en harmonía coa proposta da Alcaldía, o Pleno do Concello de

Pantón, en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a favor, con cinco votos en contra, dos once membros presentes nesta sesión, sendo once o número legal de membros que o compoñen, adoptou acordo sobre asunto “EXPEDIENTE 780/2023. CARGOS PÚBLICOS (DEDICACIÓN, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN). DETERMINACIÓN DE CARGOS A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL E FIXACIÓN DE RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN AOS Membros DA CORPORACIÓN”, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte réxime de dedicación, retribución e indemnización dos membros da Corporación:

2. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva

Desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, os seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 PAGAS)
Ningún	0,00 €

2. Cargos a desempeñar en réxime de dedicación parcial

Desempeñaranse en réxime de dedicación parcial, na porcentaxe que se indica sobre a xornada normal e retribucións que sinalan, os seguintes cargos:

CARGO	%	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (14 PAGAS)
Concelleiro/a delegado/a das Áreas de Servizos Sociais, Sanidade; Igualdade e Medio:	75	18.900,00 €
Concelleiro/a delegado/a das Áreas de Cultura; Turismo, Educación e Deportes.	75	18.900,00 €

3. Indemnizacións a favor dos membros da Corporación

3.1. Indemnizacións por asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas

Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por asistencia ás sesións do Pleno do Concello, Xunta de Goberno Local, Comisión Especial de Contas e Comisións Informativas Municipais na seguinte contía, tanto se asisten como titulares ou suplentes debidamente autorizados:

Sesións do Pleno do Concello	Ordinarias	90,00 € por sesión
	Extraordinarias	90,00 € por sesión
Sesións da Xunta de Goberno Local	Ordinarias	450,00 € por sesión
	Extraordinarias	450,00 € por sesión
Sesións da Comisión Especial de Contas	Ordinarias	90,00 € por sesión
	Extraordinarias	90,00 € por sesión
Sesións das Comisións informativas	Ordinarias	90,00 € por sesión
	Extraordinarias	90,00 € por sesión

3.2. Outras indemnizacións por razón do servizo

Todos os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o desempeño do cargo cando estes se acrediten de xeito efectivo e se refiran a gastos de desprazamento, estanza, alimentación, matrícula a cursos, congresos, xornadas ou seminarios ou outros legalmente procedentes, de conformidade e na contía establecida en cada momento na normativa reguladora das indemnizacións por razón do servizo do persoal ao servizo da Administración do Estado no que respecta aos funcionarios do grupo A, e en defecto desta, da normativa da Comunidade Autónoma para o persoal ao seu servizo do mesmo grupo de titulación.

Con carácter particular, establécese o seguinte:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta: cento oitenta euros (180,00 euros).
- Media dieta, noutro caso: noventa euros (90,00 euros).

4. Revisión anual das retribucións e indemnizacións

A contía das retribucións fixadas neste acordo será revisada para cada exercicio orzamentario con efectos do 1 de xaneiro, na forma que establezan as Bases de Execución do Orzamento da Corporación para o devandito exercicio. Respecto das indemnizacións, serán aplicables as normas estatais e, no seu caso, as autonómicas, que leven a cabo a actualización do importe destas.

SEGUNDO.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables dende o día de hoxe.

TERCEIRO.- Comuníquese esta Resolución aos Departamentos de Recursos Humanos, Intervención e Tesouraría, aos efectos oportunos, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento."

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A alcaldesa accidental, Tamara López Rodríguez.

R. 0874

Anuncio

RESOLUCIÓNS DO ALCALDE DO CONCELLO DE PANTÓN EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN 2023-2027

Celebradas as eleccións locais o día 26.05.2023 e constituída a Corporación de Pantón o día 17.06.2023, o Alcalde do Concello de Pantón ditou as seguintes resolucións en materia organizativa das que se deu conta ao Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 26.06.2023:

"**DECRETO NÚM. 2023-0166.**

Expediente nº: 762/2023

Asunto: Nomeamento de tenentes de alcalde.

Procedemento: Cargos Públicos (Nomeamento ou Cesamento).

Celebradas as eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023, vista a sesión constitutiva da Corporación do 17.06.2023, e estando o Concello de Pantón na organización prevista nos artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 35.2.b) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.2 da precitada Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 61.2 da precitada Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 46.1 do precitado Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Designar tenentes de alcalde, que me substitúan na totalidade das miñas funcións nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento e pola orde que a continuación se sinala, aos/ás concelleiros/as que así mesmo se indican:

- 1º.- Dona Tamara López Rodríguez.
- 2º.- Don Manuel López Rodríguez.
- 3º.- Dona María Cristina Dominguez Vázquez.

SEGUNDO.- Notificarlles persoalmente esta resolución de nomeamento aos/ás designados/as, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa, e remitila ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación nel e igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da súa sinatura.

TERCEIRO.- Darlle conta ao Pleno do concello desta resolución na primeira sesión que realice.

Mándao e asínao o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, a dezanove de xuño de dous mil vinte e tres. Dou fe, o secretario."

"**DECRETO NÚM. 2023-0167.**

Expediente nº: 763/2023

Asunto: Delegacións xenéricas de atribucións e especiais de dirección e xestión.

Procedemento: Delegacións e Avogacións de Competencias.

Celebradas as eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023, vista a sesión constitutiva da Corporación do 17.06.2023 e considerando a necesidade de delegar o exercicio de determinadas atribucións para unha mellor organización dos servizos do Concello de Pantón, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 61.2 e 3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e de conformidade cos artigos 43, 44 e 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar, de forma xenérica, a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás seguintes áreas ou materias, nos tenentes de alcalde que en cada caso se indica:

- Área de Servizos Sociais, Sanidade; Igualdade e Medio: D^a. Tamara López Rodríguez.
- Área de Cultura; Turismo, Educación e Deportes: D^a. María Cristina Domínguez Vázquez.
- Área de Obras, Urbanismo e Parques e Xardíns: D. Manuel López Rodríguez.

Queda en mans da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda, a facultade de xestionar os referidos servizos (coa excepción dos que sexan obxecto de delegación especial), así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- Delegar, de forma especial, a dirección interna e a xestión dos seguintes servizos nos concelleiros que a continuación se indican:

- Viticultura e desenvolvemento agrario: D. José Vázquez Presas.
- Medio Rural e Tráfico: D. José Cesáreo Rodríguez Salgueiro.

Estas delegacións especiais desenvolveranse baixo a supervisión do membro da Xunta de Goberno Local que ostente a delegación xenérica para a área que corresponda (art. 43.4 do ROF) e non comprenderá a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros (art. 43.5 ROF), que quedan en mans da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente a presente resolución ós/ás designados/as, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ó *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a presente Resolución no *taboleiro de anuncios do concello*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da mesma.

Mándao e asínoa o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, a dezanove de xuño de dous mil vinte e tres. Dou fe, o secretario."

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pantón, 1 de abril de 2024.- A Alcaldesa Accital, Tamara López Rodríguez

R. 0875

VIVEIRO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas

disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas prazas de “**ARQUITECTO/A TÉCNICO**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de “**ARQUITECTO/A TÉCNICO**” funcionario de carreira.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 23 de novembro de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de “**ARQUITECTO/A TÉCNICO**” funcionario de carreira en data 22 de marzo de 2024.

Vista a base xeral 11, que sinala “(...) **11. PROBA DE GALEGO.**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para os grupos A e C: *Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase unicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...*

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala “(...) **11.1. Citación.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala "(...)11.6. **Criterios de corrección.**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...

Vista a base xeral 12, que sinala "(...)12. **BAREMOS DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AOS ASPIRANTES ADMITIDOS NON EXENTOS DA PROBA DE GALEGO** para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **LUNS DÍA 08 DE ABRIL DE 2024, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 26 de marzo de 2024 A Alcaldesa, D^a.María Loureiro García.

R. 0863

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**VIXIANTE DE URBANISMO**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**VIXIANTE DE URBANISMO**” funcionario de carreira.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 27 de febreiro de 2024.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**VIXIANTE DE URBANISMO**” funcionario de carreira en data 25 de marzo de 2024.

Vista a base xeral 11, que sinala “(...) **11. PROBA DE GALEGO.**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

***Para os grupos A e C:** Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase únicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...”*

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala “(...) **11.1. Citación.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...”

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala “(...) **11.6. Criterios de corrección.**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...”

Vista a base xeral 12, que sinala “(...)12. **BAREMOS DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...”

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AOS ASPIRANTES ADMITIDOS NON EXENTOS DA PROBA DE GALEGO** para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **LUNS DÍA 08 DE ABRIL DE 2024, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 26 de marzo de 2024, A Alcaldesa, D^a.María Loureiro García.

R. 0864